



# Concello de **OURENSE**

## **DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense 21 de setembro de 2017**

Visto o informe-proposta, de data 31 de agosto, elaborado pola titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria (Decreto nº 20170025448 de 21/08/2017), refrendado pola Sra. Concelleira Delegada de Facenda, en relación coa solicitude de aprobar unha xeración de crédito feita pola Concelleira Delegada en funcións de Promoción Económica, Recursos Europeos e Formación Ocupacional (Decreto nº 2017005215 de 04/08/2017), mediante providencia de data 24 de agosto, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 05 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como o artigo 16º das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO:**

**1.- Aprobar a modificación orzamentaria 25-X/2017**, utilizando a figura das xeracións de crédito, de acordo co seguinte detalle:

<b>APLICACIÓN DOS FONDOS</b>		
<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
N110.2411.22632	Obradoiro de emprego Ribeiras do Barbaña. Gtos diversos	20.000,00 €
N230.2411.13100	Persoal lab. temp. Obradoiro de emprego	78.809,63 €
N230.2411.16000	Cota patronal S. Soc. Obradoiro de emprego	11.682,24 €
TOTAL.....		110.491,87 €

<b>ORIXE DOS FONDOS</b>		
<u>CONCEPTO</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
45054	Subv. Xunta Obradoiro de emprego Ribeiras do Barbaña	110.491,87 €
TOTAL.....		110.491,87 €

**2.- Crear o seguinte proxecto específico de gasto:**

**Código:** 17.2.11.03

**Título:** Programa Obradoiro Riberas do Barbaña

**Importe:** 150.491,87 €

**Período de execución:** 25-09-2017 / 24-06-2018

**Aplicacións orzamentarias de gasto:**

N110.2411.22632	Obradoiro de emprego Ribeiras do Barbaña. Gtos. div.	60.000,00 €
N230.2411.13100	Persoal laboral temporal Obradoiro de emprego	78.809,63 €
N230.2411.16000	Cota patronal S. Social Obradoiro de emprego	11.682,24 €

**Financiación:**

Subv. Xunta Programa Obradoiro de emprego Ribeiras do Barbaña (concepto de ingresos 45054): 110.491,87 €

Concello de Ourense (recursos propios): 40.000,00 €

**Axente:** Xunta de Galicia (S1511001H): 110.491,87 €

**Vinculación:** Cualitativa e cuantitativa

**3.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.**

O manda e asina o Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.